








Como se utiliza o contedor marrón?

1. Para comezar, debes **inscribirte e solicitar a chave** de acceso ó contedor e as bolsas compostables que o concello pon á túa disposición.
2. **Separa na cociña os residuos orgánicos** das demais fraccións, depositando cada unha no seu contedor.
3. Abre o **contedor marrón** coa túa chave e deposita os residuos orgánicos en bolsa pechada.





PÓDENSE BOTAR

-  Restos de comida crus ou cociñados: froitas, vexetais, carne e peixe.
-  Restos de pan, arroz ou pasta.
-  Cáscaras, cunchas, espiñas e ósos.
-  Pousos de café e infusións, incluídos filtros e bolsiñas (sen grampa). Cápsulas compostables.
-  Papel de cociña.
-  Escarvantes, tapóns de cortiza, paus e serraduras.
-  Pequenos restos de xardinería e podas.

NOTA: É moi importante que empregues **bolsas compostables**, depositándoas sempre pechadas. As bolsas plásticas dificultan o proceso de compostaxe e repercuten na calidade do compost obtido.

NON SE PODEN BOTAR

[DEBERÁN IR Ó CONTEADOR RESTO]

-  Produtos hixiénicos: cueiros, toallíñas, compresas...
-  Cabichas de tabaco, cinzas ou po de varrer.
-  Excrementos de animais ou area de gatos.
-  Papel de forno ou encerado.



RESIDUOS ORGÁNICOS



RESIDUOS NON RECICLABLES



PAPEL E CARTÓN



ENVASES LIXEIROS



PILAS E BATERÍAS USADAS



ACEITE DE COCIÑA USADO



ROUPA E CALZADO USADO



VIDRO



PUNTO LIMPO

Aparatos eléctricos e electrónicos, pilas e baterías, entullos, cerámicas, cristal, plásticos duros, madeira, colchóns, lámpadas, restos de poda e obra, etc.
*RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS: 986 501 617.

+ info: compostaxe@vilagarcia.gal · 617675091

RE-ORGA NÍ ZATE!

CHEGA
O CONTEADOR
MARRÓN

CAMPAÑA DE RECOLLIDA SEPARADA DA SECCIÓN ORGÁNICA

VILAGARCÍA, UNHA CIDADE MÁIS ORGÁNICA

Un paso máis adiante

O Concello de Vilagarcía avanza na xestión sostible dos residuos poñendo en marcha a **recollida separada da fracción orgánica**, cumprindo así coa normativa vixente sobre reciclaxe. Os residuos recolleranse mediante un **novo contedor de cor marrón** situado na vía pública e serán recuperados nunha **planta de compostaxe especializada**.

A iniciativa levarase a cabo en **dúas fases**:

1ª FASE

Destinada a grandes e pequenos produtores; como supermercados, comercios, praza de abastos e hostalería.

[Participar no programa é voluntario e totalmente gratuito. Conta coa orgánica e recibirás un distintivo e moitas vantaxes para o teu establecemento!]

2ª FASE


Destinada a toda a veciñanza que resida no centro da vila e non teña posibilidade de instalar un composteiro na súa vivenda ou facer uso dos comunitarios.

Que é a fracción orgánica?

Os biorresiduos, ou fracción orgánica, son a **parte biodegradable dos residuos** xerados en fogares, comercios e hostalería, é dicir, restos de comida de orixe vexetal ou animal así como restos de plantas e podas de pequeno tamaño.

Case **a metade do lixo** que xeramos é materia orgánica. Estes residuos pódense aproveitar para converterse nun novo recurso en forma de **compost**, por iso é moi importante separalos e depositalos no contedor marrón.

Cales son os datos en Galicia?



Cales son os beneficios da compostaxe?

A compostaxe é un **proceso natural de descomposición** dos restos orgánicos en presenza de osíxeno, a partir do cal se obtén o **compost**, un abono orgánico de gran calidade para empregar en hortas e xardíns.

1 Compostando reducimos a cantidade de lixo que enviamos a vertedoiro ou incineración, polo tanto tamén **reducimos o impacto ambiental** ó xerar menos emisións de gases de efecto invernadoiro.

2 Evitamos o desperdicio de recursos naturais e **pechamos o ciclo** da materia orgánica, convertendo os residuos nun novo produto.

3 Melloramos a **fertilidade do solo** ao incorporarlle compost, evitando o uso de produtos químicos máis custosos e contaminantes e reducindo o consumo de auga.

4 Ao separar a fracción orgánica, melloran tamén as porcentaxes de separación de envases, cartón e vidro. Isto supón un **beneficio económico** que repercute directamente nas taxas municipais de residuos.



RESIDUOS ORGÁNICOS



RECOLLIDA SEPARADA



PLANTA DE COMPOSTAXE



APLICACIÓN AGRICULTURA